

ATRASO DIAGNÓSTICO DA INFECCIÓN POLO VIH

Defínese como un número de linfocitos CD4+ inferior a 350 células/ μ l na primeira determinación da infección polo VIH. Aproximadamente, o 50% dos novos diagnósticos de infección polo VIH en Galicia presentaban atraso diagnóstico, situación que practicamente non variou dende que existen datos dispoñibles (2004) (APÉNDICE). Os homes que teñen sexo con homes (HSH) presentan un atraso diagnóstico menor que a media (41%); non obstante, é elevado e aumenta coa idade, pasando do 25% nos menores de 25 anos ao 74% nos maiores de 54.

En 2011, a Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) inicia o Programa de probas rápidas de VIH en colaboración con varias entidades como os centros Quérote+ da Xunta de Galicia; este programa oferta a proba rápida de VIH fóra do sistema sanitario a todas as persoas que o soliciten.

Durante o período 2011-2016, realizáronse 4.694 probas rápidas das cales 73 obtiveron un resultado reactivo (1,6%). A principal práctica de risco das persoas con resultado reactivo foron as relacións sexuais entre homes (66%), o que nos dá idea da importancia do impacto da infección polo VIH nestas persoas.

Tal e como xa recolleu [Venres](#), continuando con esta estratexia de diminución do atraso diagnóstico, a DXSP publicou, en 2017, as “Recomendacións para o diagnóstico precoz do VIH en Galicia” [[ligazón](#)]. Dentro destas recomendacións resáltase a oferta da proba do VIH, cando menos unha vez na vida, a todas as persoas entre 20 e 59 anos, sexualmente activas, que consulten por outra causa non relacionada co VIH no seu centro de saúde e que precisen dunha analítica de sangue.

<http://dxsp.sergas.es>

A LEPTOSPIROSE

A leptospirose, zoonose producida por espiroquetas do xénero *Leptospira*, con 21 xenomoespecies descritas, non todas patoxénicas. As leptospirosas patoxénicas están distribuídas por todo o mundo, e as zonas tropicais considéranse endémicas, especialmente América do Sur e o Sueste asiático, onde constitúen un problema de saúde pública importante.

Numerosos mamíferos domésticos e salvaxes –porcos, gando bovino, cabalos, cans, ratos, esquíos, cervos, etc– son os seus reservatarios e portan as leptospirosas nos túbulos renais e no tracto xenital.

Os animais infectados poden ser asintomáticos e eliminalas durante anos, ou mesmo toda a súa vida, polo que poden contaminar o chan e a auga cos seus fluídos, agás a saliva. Os ratos poden contaminar alimentos e auga cos seus ouriños. Os cans poden padecer a enfermidade e eliminar leptospirosas nos ouriños.

A enfermidade humana adoita ser autolimitada e, con frecuencia, asintomática mais pode ser fatal. As formas clínicas son diversas, dende enfermidade semellante á gripe; a síndrome de Weil, caracterizada por ictericia, fallo renal, hemorraxias e miocardite con arritmias; meninxite ou meningoencefalite ou hemorraxia pulmonar con fallo respiratorio.

O seu período de incubación normalmente é de 5 a 14 días, cun rango de 2 a 30 días.

A transmisión é por exposición, a través da pel e mucosas –especialmente se hai abrasións ou inmersión prolongada– a auga, herba e terra contaminadas con ouriños de animais; por exposición directa a ouriños, fluídos e tecidos de animais infectados; ocasionalmente, por consumo de alimentos ou auga contaminados, especialmente por ouriños de ratas, ou

por exposición a aerosois de fluídos contaminados. A transmisión directa persoa a persoa é rara.

Hai actividades de risco para a enfermidade, como son as de agricultores de arroz ou cana, matachíns, veterinarios, gandeiros, cuidadores de animais ou mineiros. Compre salientar que as actividades acuáticas de inmersión son de especial risco, se as augas están contaminadas.

No noso medio é unha enfermidade pouco frecuente, aínda que pode estar infradiagnosticada debido aos casos asintomáticos e de enfermidade leve. En España, calculouse, a través de datos do CMBD (2009-2012) [[ligazón](#)], unha incidencia anual de 0,86 casos por millón de habitantes (c/10⁶h), aínda que hai Comunidades Autónomas como Extremadura, Ceuta, Canarias e Asturias cunha incidencia máis elevada (3,9, 3,3, 2,7 e 2,3 c/10⁶h, respectivamente).


No ano 2017, en Bilbao aconteceu un abrocho en participantes nunha proba de triatlón na Ría do Nervión, no que se detectaron 3 casos entre os 1.200 participantes na proba.

En Galicia, no período 2012-2017 notificáronse tres casos de leptospirose, todos no ano 2016, homes adultos de mediana idade e da provincia da Coruña. Todos eles tiveran contacto con animais susceptibles de eliminar leptospirosas e un deles, ademais, participou na retirada de abundantes ratas mortas.

Posto que os cans son un reservatario da enfermidade, ademais de padecer a enfermidade, compre ter en conta que os propietarios dos cans diagnosticados de leptospirose, ou os traballadores de canceiras, deben ter en conta as medidas de hixiene para evitar a transmisión, como son usar luvas cando limpan os seus excrementos, especialmente os ouriños e lavarse as mans axeitadamente logo de facelo, ademais de limpar e desinfectar a zona onde está o animal.

ATRASO DIAGNÓSTICO DA INFECCIÓN POLO VIH

Diagnóstico tardío nos novos diagnósticos VIH nas principais categorías de transmisión. Galicia 2004-2016.



(DXSP: datos o 30 de xuño de 2017)

